



**PLAN PROXECTA
PAISAXE E SUSTANTABILIDADE
2017/18**

PLAN DE TRABALLO


CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA
LAXE

FASE 1

ELABORACIÓN DA MAQUETA DO TERRITORIO

SUPERVISADO POL@ TITOR@, CADA GRUPO REALIZARÁ UNHA PEQUENA PARTE DA MAQUETA SEGUINDO O ESQUEMA ADXUNTO.

OS GRUPOS DE INFANTIL FAN PARTES MENOS ESIXENTES. O RESTO DE GRUPOS FAN MAIOR CANTIDADE DE TRABALLO DACRDO COA SÚA CAPACIDADE.



Escala da maqueta 1:10.000

Material da maqueta: planchas de goma EVA de grosor 2mm

MATERIAIS QUE SE LLE SUMINISTRARÁ A CADA GRUPO:

- Mapa do IGN coa información sobre a parte de territorio na que vai traballar o grupo. DIN A4. Color.
- Plano topográfico (equidistancia das curvas de nivel: 20m).
(Daranse suficientes copias do mesmo plano)

A equidistancia entre curvas de nivel é a distancia vertical existente entre os planos horizontais cuxa intersección co terreo dan lugar ás mesmas.

- Planchas de Etilvinilacetato (goma EVA) gris de 2 mm de espesor e formato DIN A4.
- Tesoiras de punta redonda e/ou cúter (X-acto).
- Base de corte (no caso de empregar cúter).
- Pegamento/ cola para goma EVA.
- Base de taboleiro de DM de 3 mm.

CONCEPTOS A DESENVOLVER NA REALIZACIÓN DA MAQUETA

(De ser o caso e adaptándose ao nivel)

- Concepto de escala.
- Mapa topográfico. Concepto de curva de nivel, Equidistancia, pendiente, etc.
- Orientación.
- Coordenadas (altitude e latitude).
- Elementos do territorio.
 - Cursos de auga (regatos, ríos, etc), lagoa, val, cumio, etc.
 - Lectura destes nos mapas.
- Toponimia.
- Vías de comunicación. Tipos.
- Bosque.
- Usos do chan.
- Poboación: tipos de núcleo, dispersión, etc.

FASE 2

DESENVOLVIMENTO DUN TEMA

A- ELECCIÓN DO TEMA

Cada grupo vai elixir que ten que estar relacionado coa paisaxe e o mediambiente para desenvolvelo durante o segundo e terceiro trimestre. Se terá como referencia a parte do territorio obxecto da maqueta. Se traballará nas horas de titoría e nas horas que seleccione o profesorado especialista implicado.

B- COLABORACIÓN DO PROFESORADO.

Unha vez que se coñezan os temas que desenvolverán os grupos, cada profesor@ non titor@ debe apuntarse en algún grupo de calquera etapa (ata un máximo de 3 grupos) para colaborar con eles no desenvolvemento do tema.

Exemplos de tema :

Tema: **A arquitectura popular.**

Analízase un ou varios exemplos de vivenda rural, respectuosa co medio. Faise unha **presentación** con fotos, debuxos e textos que explican:

- Os materiais empregados.
- Os usos e a súa distribución.
- O emprego da enerxía.
- etc

Tema: **As vías de comunicación.**

Se estudará os diferentes tipos de vía que hai no entorno. (Carreteras, camiños, sendeiros, paseos, etc). Faise unha serie de murais onde se reflicte (mediante fotos, debuxos e textos) a seguinte información:

- Características dimensionais.
- Partes da vía e materiais.
- Usos (tipo de tráfico).
- Impacto ambiental.
- Etc.

Outros temas posibles:

- O bosque.
- As construcións do pasado.
- Impacto ambiental (elementos que agreden ao medio).
- A auga.
- Os núcleos de poboación.
- A produción da terra.
- A toponimia e a súa relación co territorio.
- Etc.

FASE 3

EXPOSICIÓN

A finais de maio todos os materias desenvolto polos grupos, titorizados polos docentes implicados, deberán estar rematados.

Nos últimos días de maio e primeiros de xuño se montará unha exposición con todo o material (maqueta, murais, presentacións, etc.) que se estenderá por as áreas comúns de todo o centro).

Cada grupo co seu titor@ deberá visitar a exposición para ter unha visión global do proxecto realizado e para coñecer e valorar o traballo desenvolto polos outros grupos.

Unha vez rematado, A CCP valorará a conveniencia de facer unha xornada de portas abertas ás familias para visitar a exposición durante os últimos días de curso.